



No presente ano 2022 conmemórase o 250 cabodano de Martín Sarmiento (1695-1772), unha das figuras intelectuais máis orixinais e interesantes do século XVIII en España, e o máis importante precursor tanto dos estudos galegos como do pensamento galeguista. Co gallo desta efeméride, o Consello da Cultura Galega culminará a edición da súa obra maior, *De historia natural y de todo género de erudición*. Obra de 660 pliegos, un colosal tratado misceláneo que enche cinco grosos tomos, onde se dan cita unha boa parte dos moi diversos temas que preocuparon ao autor ao longo da súa fecundísima xeira. A publicación desta obra, que permanecía inédita na súa práctica totalidade, dará motivo para a reunión dun conxunto de estudosos da obra sarmentina, no simposio «Martín Sarmiento, *De historia natural e de todo xénero de erudición*», que terá lugar os días 28 e 29 de novembro na sede do Consello de Cultura Galega en Santiago de Compostela. Conta coa participación de expertos/as en distintos aspectos da obra de Sarmiento convidados/as expresamente para a ocasión. Durante o Simposio terá lugar a presentación da edición de *De historia natural y de todo género de erudición*. Obra de 660 pliegos, realizada por un equipo coordinado polo profesor Henrique Monteagudo, e publicada conxuntamente polo Consello da Cultura Galega e o Consello Superior de Investigacións Científicas.



SIMPOSIO MARTÍN SARMIENTO
Dr. Martín Sarmiento



SIMPOSIO MARTÍN SARMIENTO



SEDE

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta en www.consellodacultura.gal.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal



DESEÑO GRÁFICO: Alejandro Velázquez



SIMPOSIO MARTÍN SARMIENTO

DE HISTORIA NATURAL E DE
TODO XÉNERO DE ERUDICIÓN

Santiago de Compostela
28 e 29 de novembro de 2022



son Gothicos, y algo maltratados, para Cópia de ellos se vera un morea, que no vaxie algo, del Original. Esto sucede, o por inadvertencia de los Copiantes, quando son

PROGRAMA

28 DE NOVIEMBRO

SESIÓN 1: HUMANIDADES

- **10:00 h** | INAUGURACIÓN
- **10:30 h** | CONFERENCIA INAUGURAL
Martín Sarmiento no panorama intelectual do século XVIII
Joaquín Álvarez Barrientos, profesor de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas (Madrid)
- **11:30 h** | PAUSA
- **12:00 h** | SESIÓN DE RELATORIOS
 - *A recepción da obra de Sarmiento en Europa nos séculos XVIII e XIX*
Concepción Varela Orol, profesora honoraria de Biblioteconomía e Documentación da Universidade da Coruña
 - *Antigüidades e saberes clásicos na obra de Sarmiento*
Xosé A. López Silva, catedrático de Latín, Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe de Ames
 - *A toponimia galega en Martín Sarmiento*
Gonzalo Navaza Blanco, profesor titular da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo

SESIÓN 2: HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

- **16:30 h** | SESIÓN DE RELATORIOS
 - *Por que o padre Sarmiento tomou o hábito en Madrid e quen foron os seus mestres?*
Ernesto Zaragoza Pascual, académico correspondente da Real Academia de la Historia, da de Bones Lletres e da Pontificia Auriense Mindoniense
 - *Cando os monxes quixeron acabar cos foros: a conflitividade arredor da terra na época de frei Martín Sarmiento*
Pegerto Saavedra Fernández, catedrático emérito de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela
 - *Ideas económicas e sobre a industria en Galicia*
Xoán Carmona Badía, catedrático emérito de Historia e Institucións Económicas da Universidade de Santiago de Compostela
 - *Cetáceos e atúns nos traballos de Sarmiento*
Uxío Labarta, profesor de investigación *ad honorem* do Consello Superior de Investigacións Científicas
- **18:30 h** | PAUSA
- **19:00 h** | PRESENTACIÓN
De historia natural y de todo género de erudición. Obra de 660 pliegos
Edición do Consello da Cultura Galega e o Consello Superior de Investigacións Científicas
Henrique Monteagudo, catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela

29 DE NOVIEMBRO

SESIÓN 3: CIENCIAS NATURAIS

- **10:00 h** | SESIÓN DE RELATORIOS
 - *Do “reino mineral” nos 660 pliegos*
Francisco Díaz-Fierros Viqueira, catedrático xubilado de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela
 - *O mar e a pesca na obra de frei Martín Sarmiento*
Fran Saborido Rey, científico titular do CSIC no Instituto de Investigacións Mariñas
 - *Tradución dos nomes vulgares de Martín Sarmiento á nomenclatura linneana*
Jesús Izco Sevillano, catedrático xubilado de Botánica da Universidade de Santiago de Compostela
- **12:00 h** | PAUSA
- **12:30 h** | CONFERENCIA
Paradigmas e achegas da “chimica” na obra de Sarmiento: unha ollada ás polémicas do seu tempo
María Álvarez Lires, profesora xubilada de Didáctica das Ciencias Experimentais e membro do Comité de Sabias da Cátedra de Feminismos 4.0 da Universidade de Vigo



*Imprima, que no vaxie algo, do original. Isto sucede, o por
a circunstancia de los Copiantes, quando son Capaces, e Doctor;*

CSIC

SIMPOSIO MARTÍN SARMIENTO

ORGANIZA

- Consello da Cultura Galega

COORDINA

- Henrique Monteagudo Romero

COMITÉ CIENTÍFICO

- Rosario Álvarez Blanco
- Serafín Alonso Pintos
- Francisco Díaz-Fierros Viqueira
- Xosé Antonio López Silva
- Henrique Monteagudo Romero
- Pegerto Saavedra Fernández
- Antón Santamarina Fernández
- Concepción Varela Orol

